



CONCELLO DE DUMBRÍA

Nº Expte.: **IN408A 2023/018 ; IN408A 2023/016; IN661A 2011/8 NT**

Denominación: **Parques Eólicos de Sembra, Codesos e Paxareiras II (NT) e as súas infraestruturas de evacuación**

Solicitante/Promotor: Volantis Renovables, S.L.U. e AV Paxareiras, S.L.

Situación: Concello de **Dumbría** e **Cee** (A Coruña)

Asunto: **Remisión de documentación** do proxecto referenciado para **exposición pública** no taboleiro de anuncios do Concello.

Achégase a documentación presentada polo promotor en referencia á solicitude de autorización administrativa previa, de construción e a aprobación do estudo de impacto ambiental (EIA) para a instalación referenciada e que de seguido se relaciona, para os efectos da súa **exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello** durante o prazo de **trinta (30) días hábiles** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación no DOG do Acordo de información pública emitido por este Departamento Territorial (que será o día 17/10/2025).

Documentación para Información Pública:

- Acordo do 8 de outubro de 2025 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) dos proxectos do parque eólico Codesos (expediente IN408A 2023/016), parque eólico Sembra (expediente IN408A 2023/018), e parque eólico Paxareiras II (expediente IN661A 2011/18 NT) e as súas infraestruturas de evacuación, así como a solicitude da declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, coa necesidade de urxente ocupación que iso implica, da modificación do proxecto parque eólico Paxareiras II, situados nos concellos de Dumbría e Cee (A Coruña).

<http://descargas.xunta.es/994769d7-bb8b-4ed5-861d-f86a80c6a0201760016256710>

- Proxecto de execución: "Proyecto parque eólico Codesos y sus infraestructuras de evacuación. Enero de 2025" (asdo. 15/01/2025).

<http://descargas.xunta.es/2dbe6df0-23b2-4206-bbca-44b7f6cbba551760098962917>

- Proxecto de execución: "Proyecto parque eólico Sembra y sus infraestructuras de evacuación. Septiembre de 2025" (asdo. 24/09/2025)

<http://descargas.xunta.es/c73f9f41-0587-4c63-8898-b98391579ffe1759913999183>





- Proxecto de execución: "Proyecto de ejecución Parque Eólico Paxareiras II y sus infraestructuras de evacuación. Septiembre 2025" (con visado do 23/09/2025). Tomo I <http://descargas.xunta.es/e2cb4074-d5b8-4c47-8154-45f902c91a611759920044508>
- Proxecto de execución: "Proyecto de ejecución Parque Eólico Paxareiras II y sus infraestructuras de evacuación. Septiembre 2025" (con visado do 23/09/2025). Tomo II <http://descargas.xunta.es/10f1a713-e454-46db-b6c9-3129237ab9941759920011132>
- Estudo de impacto ambiental conxunto (EIA): "Estudio de impacto ambiental parques eólicos de Paxareiras II, Sembra, Codesos y Línea de Evacuación a 66 kV. Enero 2025" (asdo. 22/09/2025). <http://descargas.xunta.es/965173ad-9568-4661-8b7d-b901907c5d761760016562503>
- Documento "Proyecto de ejecución del parque eólico Paxareiras II y sus infraestructuras de evacuación. Declaración de utilidad pública. Septiembre 2025." (asdo. 29/09/2025). <http://descargas.xunta.es/25953618-1564-46fd-b8f5-cf3c221df4be1759920020552>

Esta exposición faise co fin de **cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello**, segundo co establecido no art.33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Polo exposto, e unha vez rematado o prazo de información pública **deberán remitir**, a esta unidade tramitadora, o **certificado acreditativo** emitido por ese Concello da antedita exposición pública, co obxecto de continuar coa tramitación do expediente, no que se deberá especificar:

- O **período** da exposición pública.
- Referencia a toda a **documentación exposta**, para consultar durante o período de información pública, anteriormente relacionada.
- Indicar se presentaron **alegacións** ante ese Concello ou non e, de ser o caso, **relacionalas na certificación**.

Así mesmo, informarlles que unha vez publicado o devandito Acordo de Información Pública no DOG, tamén se poderá **consultar toda a documentación sometida a información pública** do proxecto referenciado no **portal web** desta Consellería a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización,





subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital na marxe
O xefe do servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
Maximino Coto Aller

